CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Dª Caridad González Cerviño

NOTIFICACIÓN

Comunícolle que a Alcaldía deste Concello, o dia 23-11-2026, por medio do decreto de número 1055/2026 ditou a seguinte RESOLUCIÓN:

"Antecedentes

Primeiro. Mediante a Resolución da Alcaldía núm. 658/2023, do 13 de xullo, publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 138, do 20 de xullo de 2023, conferíronse as delegacións especiais nas concelleiras e nos concelleiros da Corporación.

Segundo. Mediante a Resolución da Alcaldía núm. 1227/2023, do 21 de decembro, publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 246, do 28 de decembro de 2023, modificouse o punto primeiro da Resolución núm. 658/2023.

Terceiro. No marco da reorganización das áreas de goberno municipal, esta Alcaldía considera conveniente asumir directamente a xestión das áreas de Facenda, Cultura e Turismo.

Fundamentos de dereito

Primeiro. Os artigos 21.3 e 23.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 43.5.b) do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, regulan as delegacións especiais da Alcaldía.

Segundo. Os artigos 44 e 114.3 do citado regulamento establecen as formalidades aplicables á modificación e á revogación das delegacións. O artigo 9.6 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, establece que a delegación pode ser revogada en calquera momento polo órgano que a conferiu.

En exercicio das atribucións que me confire a normativa citada,

RESOLVO

Primeiro. Modificar o punto primeiro da Resolución da Alcaldía núm. 658/2023, do 13 de xullo, na redacción dada pola Resolución núm. 1227/2023, do 21 de decembro, revogando a delegación especial en materia de Facenda, Cultura e Turismo conferida a D.ª Caridad González Cerviño.

Segundo. A Alcaldía asumirá directamente, desde a data de efectos desta resolución, as funcións de dirección interna, xestión, inspección e impulso da actuación municipal nas áreas de Facenda, Cultura e Turismo que eran obxecto da delegación revogada.

Terceiro. Notificar persoalmente esta resolución á concelleira afectada e comunicala aos servizos

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: ZZtLRzEDTr6AFEFqpzEo Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.muros.gal/

municipais, para o seu coñecemento e efectos.

Cuarto. Publicar esta resolución no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Muros.

Quinto. Dar conta desta resolución ao Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre.

Sexto. Esta resolución producirá efectos desde o día seguinte ao da súa sinatura, ou de ser co caso no primeiro dia hábil, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña."

Mediante este documento notifícaselle a vostede, pola súa condición de persoa interesada, en cumprimento do estabelecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co estabelecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento, organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, coa excepción do artigo 206.

RECURSOS

Contra este acordo que pon fin á vía administrativa poderá interpoñer recurso potestativo de reposición regulado nos artigos 52 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ante a Alcaldía no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar calquera outra actuación que estime pertinente para a defensa dos seus dereitos.

En Muros, na data da sinatura dixital.

A Secretaria

Susana Souto López

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: ZZtLRzEDTr6AFEFqpzEo Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.muros.gal/